

Volve Frank Soutelo

Coas claves do xénero negro



MONTSE PENA PRESAS

Entre os detectives galegos de ficción dos últimos anos, Frank Soutelo gañou un nome de seu pola súa aura peculiar de sabuxo do país residente en Los Ángeles con licenza para case que todo. Creado por Miguel Anxo Fernández na exitosa *Un nicho para Marilyn* (2003), volveu en 2006 con *Luar no inferno* e reaparece agora en *Tres disparos e dous friames*, unha novela en que o autor amosa, outra volta, o seu dominio indiscutible das claves do xénero negro, o seu gusto pola máis coidada ironía e os seus completos coñecementos de cinema.



Nesta ocasión, o protagonista enguedéllase nunha complicada trama onde nada é o que semella ser e onde se ven envoltos un consagrado produtor e á súa malvada muller, unha inxenua e prometedora actriz e unha secretaria con dúas caras. Unha das moitas sorpresas argumentais que depara a obra é que o noso detective se verá burlado por vez primeira por un dos seus opoñentes e ese será o leitmotiv que o guiará para resolver o caso ata o final. No texto danse cita os elementos característicos do que xa se podería chamar a “serie Soutelo”, como a intriga, o sexo ou os axustes de contas, mais agora, no gusto polo detalle do autor, explótanse outros compoñentes que xa estaban latentes nas novelas anteriores. Como novidade, esta entrega posúe as escenas máis cinematográficas de toda a serie, contando cun ritmo narrativo máis trepidante. As homenaxes ás cintas clásicas e aos actores consagrados (que se deteñen na mítica *Casablanca* e acoden a Jack Nicholson, Dustin Hoffman e moitos máis) son aínda máis habituais, ao igual ca o recoñecemento aos autores que enalteceron o xénero negro, como Raymon Chandler. Non por acaso, o libro establece un diálogo directo cos tópicos que arrodean ás novelas de intriga e aos seus personaxes. Quizais por isto, Fernández constrúe unha ficción que usa, de maneira moi efectiva, a metaliterariedade: Soutelo, ademais de sabuxo, sábese escritor, o que lle dá pé a introducir digresións sobre as opinións do seu editor e mesmo do seu “negro”, o mesmo que tampouco dubida en insistir na veracidade da narración. Porque para os seus lectores e lectoras, Frank é xa un amigo peculiar que volve de cando en vez.

FERNÁNDEZ, Miguel Anxo, *Tres disparos e dous friames*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 229 páxinas.